

Contidos

Introdución.....	2
Coordinación.....	2
Difusión Inicial.....	3
Participación	5
Resultados do Concurso.....	8
Anexos	12



Introdución

O presente documento constitúe a memoria de execución das tarefas encargadas a Deloga (Desenvolvemento Local Galego S.L.) no marco do **concurso de microrrelatos #Hoxeescriboen_Mocidade** organizado pola **Biblioteca Provincial** xunto coa **Sección de Turismo da Deputación da Coruña**.

Este concurso, dirixido a alumnado de Educación Secundaria, Bacharelato e Formación Profesional de centros de ensino da provincia da Coruña, tivo por obxectivos fomentar o talento creativo da mocidade, impulsar o uso da lingua galega e contribuír á difusión do patrimonio cultural e turístico da provincia da Coruña.

Os microrrelatos, escritos en galego e cunha extensión máxima de 500 palabras, debían ambientarse ou referirse a un concello da provincia da Coruña. Poderían estar relacionados coa historia local, lendas, riqueza natural, cultural ou calquera outro aspecto que axude a resaltar o patrimonio dese concello.

Coordinación

Para a organización inicial das tarefas que requiriu a posta en marcha do concurso de microrrelatos, estableceuse unha reunión inicial entre as responsables da Biblioteca Provincial e o equipo técnico de Deloga. Esta, celebrouse o **24 de febreiro** na sala de reunións nº 3 da planta 3ª do edificio da Deputación da Coruña. Abordáronse cuestións tales como: o cronograma establecido para o proxecto, o proceso de difusión para o público obxectivo, a creación de modelos de comunicación e de bases de datos para dar difusión, a xestión da participación e o soporte técnico brindado desde Deloga, así como as canles de comunicación que se empregarían.

Para a comunicación, creouse un enderezo de correo electrónico específico – Hoxeescriboen@dacoruna.gal - que foi xestionado de forma grupal polas responsables da Biblioteca e polo equipo técnico de Deloga. Do mesmo xeito, púxose a disposición unha liña telefónica propiedade da empresa Deloga – 608 201 251– que se publicou en todas as canles de difusión e se empregou para a resolución de consultas e dúbidas das persoas interesadas en participar concurso.

Unha vez organizados estes puntos, comezouse a traballar no lanzamento do concurso. Estableceuse como prioritaria a **creación dunha base de datos** co nome, enderezo postal, teléfono e correo electrónico de todos os centros educativos da provincia que poderían participar no concurso, tanto públicos como privados. Paralelamente, elaboráronse **etiquetas de enderezos** dirixidas ao envío postal da información impresa desde a Biblioteca Provincial. Creáronse **modelos de comunicación**, con corpos de texto para o envío postal e por correo electrónico e deseñouse un **modelo de formulario en liña** para a achega dos microrrelatos. Toda esta información enviouse ás responsables do concurso para a súa validación e a revisión por parte do Servizo de Normalización Lingüística da Deputación da Coruña.

Outra das tarefas necesarias para o arranque do concurso foi **revisar as bases** do mesmo para configurar os formularios e asegurar que os relatos permitiran a súa adaptación a unha curtametraxe, que era o premio a obter polo relato gañador.



Neste punto, compre lembrar que o concurso contaba con 4 categorías posibles de participación:

- CATEGORÍA A: Alumnado de 1º e 2º da ESO
- CATEGORÍA B: Alumnado de 3º e 4º da ESO
- CATEGORÍA C: Alumnado de Bacharelato
- CATEGORÍA D: Alumnado de Ciclos Formativos de Gº Medio e Superior ¹

Unha vez publicadas as bases do concurso no BOP, mantívose unha segunda reunión de coordinación para validar modelos de traballo e ultimar cuestións relacionadas coa difusión e o seguimento do mesmo. Nesta reunión, celebrada en formato online o día 24 de marzo, axustáronse algunhas das cuestións xurdidas dende o primeiro encontro. Entre elas, a posibilidade de ampliar o prazo de entrega dos microrrelatos, xa que o prazo orixinal coincidía coas vacacións de Semana Santa.

Outras cuestións que se abordaron nesta reunión foron: a ampliación da base de datos para o envío da información aos concellos máis grandes da provincia, que contan con servizos específicos de xuventude. Tamén se abordaron cuestións referidas ao argumentario que se empregaría nas roldas de chamadas aos centros educativos, como dirixir a información aos departamentos de lingua galega. Estableceuse a periodicidade e as datas previstas para o reenvío da información en forma de recordatorios e indicouse unha data orientativa para o fallo do xurado.

Dende a primeira reunión e durante o tempo que se mantivo operativo o concurso mantívose unha comunicación fluída e constante entre as responsables do proxecto e o equipo técnico, tanto a través de fíos de correo electrónico como de chamadas telefónicas, coa vontade de favorecer un axeitado desenvolvemento dos traballos.

Difusión Inicial

O concurso **publicouse o mércores, 19 de marzo de 2025 no BOP e mantívose aberto ata o venres, 2 de maio de 2025**. Se ben, inicialmente se programou cunha duración de 1 mes desde a súa publicación, fixéronse dúas ampliacións de prazo. A primeira ampliación, **do 20 ao 28 de abril**, fíxose ao coincidir a data de remate coas vacacións de Semana Santa e ao ser un concurso no que implicaba aos centros educativos decidiuse prorrogar a data. No caso da segunda ampliación, foi unha continxencia que xurdiu a raíz do apagamento do luns, 28 de abril, que afectou a nivel nacional e ante as solicitudes dalgúns centros que estaban enviando os relatos ese día, decidiuse ampliar o prazo ao día 2 de maio.

Para achegar a información ao público obxectivo confeccionouse inicialmente unha base de datos con tódolos centros de educación secundaria e formación profesional da provincia, tanto públicos como privados. Incluíronse neste ficheiro os contactos de bibliotecas municipais e centros de mocidade dos concellos máis grandes da provincia. O que resultou nun **total de 240 entradas**.

¹ Nun inicio non había prevista categoría para a participación de alumnado de FP Básica, pero ante a consulta dun centro decidiuse incluír os relatos que se recibiran na mesma categoría que lles correspondería por idade, CATEGORÍA A: Alumnado de 1º e 2º da ESO.



TÁBOA 1. TIPOS DE CENTROS E NÚMERO DOS MESMOS INCLUÍDOS NA BASE DE DATOS DE DIFUSIÓN.

Tipo de centro	Nº
Institutos de Educación Secundaria (IES)	100
Centros Públicos Integrados (CPI)	28
Centros de Formación Profesional (FP)	13
Centros Privados de Ensino (CPR)	75
Entidades Xovenís Municipais e Bibliotecas	24

A partir desta base de datos, dende a Deputación artellouse un envío da información impresa a todos os centros. Esta contiña unha carta de presentación, o cartel informativo e as bases do concurso en papel, para o que foi necesario a **creación das etiquetas de enderezo** que permitisen facer o envío postal masivo de lotes.

IMAXE 1. CARTEL EMPREGADO PARA A DIFUSIÓN DO CONCURSO.



Paralelamente, **fíxose unha campaña de envíos de correo electrónico** acompañada da mesma información en formato dixital. Esta campaña reforzouse con varias **roldas de chamadas individualizadas** a todos os centros que figuraban na base de datos. O envío de correos informativos e as chamadas individualizadas **repetíronse ata en tres ocasións**. Nunha primeira para **facer seguimento da recepción dos materiais divulgativos**, a segunda para **informar da ampliación de prazo**, e a terceira rolda, corresponde coa ampliación de prazo do concurso ao 2 de maio, momento no que se fixo unha nova **campaña de información por correo electrónico e chamada telefónica**.

Con isto, logrouse informar ao total dos centros educativos contidos na base de datos, tendo como resultado o envío de arredor de **950 correos electrónicos e a realización dunhas 700 chamadas telefónicas efectivas, unicamente para a difusión**. Nestes datos




non se contemplan as chamadas que non obtiveron resposta – aínda requirindo tempos de agarda - nin as de resolución de dúbidas, do mesmo xeito que non se contemplan o envío de correos para a resolución de dúbidas. Se temos en conta estes últimos, as cifras de chamadas aumentan nun 20 - 25%. Para desenvolver esta tarefa foi necesaria a dedicación dun **mínimo de 3 persoas durante dúas xornadas e media en cada unha das tres quendas de chamadas.**

Como indicadores das tarefas de comunicación desenvoltas durante o tempo que se mantivo aberto o concurso, cómpre destacar que **se realizaron 7 modelos de comunicación en formato carta e/ou correo electrónico e 2 argumentarios para as chamadas telefónicas.** Estes modelos abranguían dende a presentación inicial ata o correo final agradecendo a participación, pasando polas sucesivas ampliacións de prazos. Tarefas das que se levou seguimento a través da base de datos de difusión.

Para a recollida de relatos **habilitouse un formulario online no que tanto o alumnado como o profesorado dos centros podían achegar os relatos.** Este formulario recollía datos básicos de contacto e tamén daba a opción de escribir o relato sobre o propio cuestionario ou achegalo subindo un documento en formato PDF ou Word.

IMAXE 2. CAPTURA DE PANTALLA DO FORMULARIO HABILITADO PARA A ACHEGA DE MICRORRELATOS.



The screenshot shows a web form for the '#HoxeEscriboEn_Mocidade' competition. On the left, there is a colorful illustration of a map of Galicia with various icons representing different regions and activities. The main form area is titled 'Autorización Familiar' and contains the following text: 'En caso de ser menor de idade, precisamos recoller unha autorización familiar para poder formalizar a tua inscrición no concurso #HoxeEscriboEn_Mocidade'. Below this, there is a question 'Cal é a túa situación?' with three radio button options: 'Non dispoño da autorización asinada neste momento', 'Dispoño do documento escaneado', and 'Os/as meus titores/as legais poden facilitar os seus datos mediante o presente cuestionario'. The third option is selected. There are input fields for 'Nome e apelidos do/a titor/a *', split into 'Nome' and 'Apelidos', and a field for 'DNI do/a titor/a *'.

Durante todo o tempo que estivo aberto o prazo de participación, o equipo técnico de Deloga fixo un seguimento da mesma, **atendendo ás consultas recibidas por teléfono e correo electrónico, así como revisando as achegas recibidas a través do formulario.**

Participación

Todos os relatos recibidos foron revisados e codificados nunha base de datos de seguimento, que se empregou para unificar a información de cada un e **establecer un código, que permite a súa presentación de xeito anónimo ás persoas membros do xurado.** Cada relato foi revisado e baleirado a un documento Word independente para confirmar que cumpría cos requirimentos do concurso —estar escritos en galego, non superar as 500 palabras e facer referencia a algún concello da provincia da Coruña— .

Ao peche do concurso, o 2 de maio de 2025, recibíranse **un total de 166 relatos.** Destes, **5 foron descartados por non cumprir coas bases do mesmo, 4 excedían as 500 palabras**



e 1 estaba escrito en castelán. Tamén se descartou a participación de 1 relato, a petición do centro que o enviou, porque resultou gañador doutro concurso, o que era incompatible coas bases. Así, foron **160 os relatos participantes no total das categorías.**


As catro categorías nas que podían participar e o número de relatos que se recibiu por cada un foi:

- CATEGORÍA A: Al. de 1º e 2º da ESO – 75 relatos – **71 no concurso**
- CATEGORÍA B: Al. de 3º e 4º da ESO – 65 relatos – **63 no concurso**
- CATEGORÍA C: Al. de Bacharelato – **22 relatos no concurso**
- CATEGORÍA D: Al. de Ciclos Formativos de Gº Medio e Superior – **4 relatos no concurso**

O ritmo de participación foi irregular durante o tempo que se mantivo aberto o concurso. No seguinte gráfico pode verse como nas datas comprendidas entre o 23 e o 29 de abril onde se concentrou a participación, recibíndose neses días 103 dos 166 relatos totais.



GRÁFICO 1. EVOLUCIÓN DA PARTICIPACIÓN AO LONGO DOS DÍAS NO QUE SE MANTIVO ABERTO O CONCURSO.

No referido á distribución territorial da participación, estivo moi espallada pola provincia,



destacando o Concello de Oroso entre concellos grandes como A Coruña ou Santiago de Compostela. Tamén Culleredo e Melide, con cotas de participación superiores a concellos de maior tamaño. Isto danos pistas do impulso que o profesorado dos centros educativos deses concellos lle deu ao concurso. A continuación preséntanse gráficos nos que se pode apreciar a participación por concellos e tamén por centros educativos, destacando, como xa se mencionou os IES de Oroso e de Melide.



GRÁFICO 2. CONCELLOS CON MAIOR PARTICIPACIÓN EN PORCENTAXE DO TOTAL**GRÁFICO 3. CENTROS EDUCATIVOS CON MAIOR PARTICIPACIÓN EN PORCENTAXE DO TOTAL**

Todos os relatos recibidos **foron remitidos ás responsables da Biblioteca Provincial e o Servizo de Turismo da Deputación con formatos unificados e clasificados segundo a súa categoría para facerllos chegar ás persoas membros do xurado**. Estes fóronse enviando a medida que se recibían para non saturar ás persoas que debían valoralos. Acompañouse o último envío cun informe co resumo dos datos de participación que se poden revisar nos anexos deste documento.



Resultados do Concurso

O xurado do concurso reuniuse o **día 7 de maio**, ás 12:30 no Pazo Provincial para emitir o fallo. Nos anexos pódese ver unha copia da acta publicada na páxina web do concurso: <https://www.dacoruna.gal/biblioteca/actividades/concur/hoxeescriboen-mocidade/>

Como resultado, resultaron escollidos os seguintes relatos segundo categoría:

- CATEGORÍA A: Alumnado de primeiro e segundo da ESO
 - Microrrelato: **A tecedora de lá** | Autor: Iñaki Echarte
 - Centro: CPR Salesianos San Juan Bosco, A Coruña
- CATEGORÍA B: Alumnado de terceiro e cuarto da ESO
 - Microrrelato: **Praia de Doniños (Gañador final)** | Autor: Iago Maseda Truyols
 - Centro: CPR Plurilingüe Cristo Rey, Ferrol
- CATEGORÍA C: Alumnado de Bacharelato
 - Microrrelato: **O último croque** | Autora: Sofía Cao Fontán
 - Centro: CPR La Salle, Santiago de Compostela
- CATEGORÍA D: Alumnado de ciclos formativos de Grao Medio e Superior
 - Microrrelato: **No teu batel, abalar** | Autor: María Tubío Boo
 - Centro: FESAN, Centro Privado de F.P. FESAN, Santiago de Compostela.

O seguinte paso foi a comunicación mediante chamada telefónica aos centros educativos nos que estudan as persoas gañadoras. Nos casos nos que se contaba con correo electrónico propio do autor ou autora tamén se lles enviou a comunicación. Ao resto de centros que figuran na base de datos, enviáuselles un correo informando dos resultados e agradecendo a participación no concurso.


A partir deste punto, as responsables da Biblioteca Provincial e do Servizo de Turismo da Deputación da Coruña ocupáronse de realizar os seguintes contactos e trámites para a entrega de premios. Ao mesmo tempo, desde Deloga, comezouse a traballar na elaboración do guión para o microrrelato gañador final – Praia de Doniños – que foi adaptado a unha curtametraxe.

Entre as tarefas correspondentes ao equipo técnico de Deloga, ademais da elaboración do guión, estivo a realización dunha visita ao centro do alumno cuxo microrrelato foi seleccionado. Nesta reunión, celebrada o día 16 de maio no CPR Cristo Rey de Ferrol, traballáronse diferentes ideas de cara a guionización. Posteriormente, presentada a proposta de guión ao centro e a Deputación para a súa validación —acompañada dun storyboard—, acordáronse diferentes aspectos relacionados coa produción da curta: selección de actores e actrices, equipo técnico participante (axudantes de produción), xornadas de gravación, traslado do alumnado, aterezo etc.

Se ben a gravación completouse o día 29 de maio na praia de Doniños, para o que se contratou un servizo de autobús para o traslado do alumnado participante dende o centro educativo ata a praia de Doniños, durante a xornada anterior graváronse diferentes planos na contorna da praia.









Anexos

IMAXE 3 DÍPTICO COAS BASES DO CONCURSO



Deputación
DA CORUÑA



Biblioteca
Provincial

Sección de Turismo e
Biblioteca Provincial

#HoxeEscriboEn_Mocidade

**Gústache escribir?
Apúntate ao reto de presentar un
microrrelato inspirado na provincia
da Coruña, e goza dos premios!**

93 concellos... mil historias... e a túa está por contar!
Cada vila, cada cidade, cada recuncho da nosa terra garda
unha historia. Persoas, lendas, tradicións, misterios,
natureza... O teu microrrelato pode levarnos ata allí!





Webdo concurso

dacoruna.gal/biblioteca

Máis información:
981 080 176
hoxeescriboen@dacoruna.gal

Séguenos nas redes sociais



@bibliodacoruna



#HoxeEscriboEn_Mocidade

Concurso de microrrelatos
para viaxar polos concellos
da provincia da Coruña

BASES

- 1. Primeira. – Obxecto**
O obxecto do concurso **#HoxeEscriboEn_Mocidade** é o fomento do talento creativo, a animación á escritura e á lectura, o impulso do uso do idioma propio entre a mocidade, e a difusión do patrimonio cultural e turístico dos concellos da provincia da Coruña (axudando a sensibilizar sobre o patrimonio cultural, natural e medioambiental de cada un e a importancia de preservalo).
Para iso, a Biblioteca Provincial xunto coa Sección de Turismo da Deputación da Coruña, convocan un concurso de microrrelatos inspirados na provincia da Coruña e orientados á mocidade da provincia da Coruña.
- 2. Segunda. – Participantes**
 - Poderá participar o alumnado matriculado no curso 2024–2025 na ESO, Bacharelato ou Ciclos Formativos de Grao Medio e Grao Superior, pertencente ao Sistema Educativo Galego e situados na provincia da Coruña.
 - A participación será individual e cada persoa poderá presentar un único microrrelato.
- 3. Terceira. – Formato**
 - Os microrrelatos presentados ambientaranse ou referiranse a un concello da provincia da Coruña, non sendo necesario que o autor ou autora teña vínculo directo con el.
 - Os microrrelatos poderán estar relacionados coa historia local, lendas propias, tradicións do pobo, persoaxes destacados, valores positivos do concello, a riqueza natural, cultural ou medioambiental, ou calquera outro aspecto que axude a resaltar o patrimonio do concello.
 - Deberán estar escritos en galego, ser inéditos e non ter sido premiados en ningún outro concurso.
 - O texto terá unha extensión máxima de 500 palabras.
- 4. Cuarta. – Forma de presentación e envío dos microrrelatos**
 - A presentación dos relatos farase a través dun formulario web que estará dispoñible en <https://www.dacoruna.gal/biblioteca/actividades/concur/concurso-hoxeescriboen>
 - Cada participante enviará, xunto co microrrelato, a seguinte información: nome e apelidos, curso e nome do centro educativo desde o que participa, concello da provincia no que se ambienta o relato, teléfono de contacto e enderezo postal.
 - As persoas menores de idade deberán acompañar o microrrelato dunha autorización do pai, nai ou tutor/a legal.
- 5. Quinta. – Prazo de presentación**
 - O prazo de presentación dos microrrelatos será dun mes dende o día seguinte da publicación das bases no BIOP.
 - Non se considerarán microrrelatos presentados fóra de prazo.
- 6. Sexta. – Premios**
 - Para favorecer a participación e unha xusta valoración dos microrrelatos procedentes de diferentes idades e/ou distintos graos de madurez, establécense as seguintes categorías:
 - CATEGORÍA A: Alumnado de primeiro e segundo da ESO
 - CATEGORÍA B: Alumnado de terceiro e cuarto da ESO
 - CATEGORÍA C: Alumnado de Bacharelato
 - CATEGORÍA D: Alumnado de Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior
 - Outorgaranse dous premios por categoría e un premio final. Os premios por categoría serán:
 - Catro bonos culturais: un por cada persoa gañadora en cada unha das categorías, por valor de 100€ cada un deles.
 - Catro saídas culturais: unha saída cultural dirixida ao conxunto da aula de

cada unha das persoas gañadoras consistente nunha saída dunha xornada con comida e transporte polo patrimonio da Deputación da Coruña que se determinará co centro educativo.

- Entre as 4 categorías escollerase o microrrelato gañador do premio final do concurso. O premio consistirá na adaptación do relato para a realización dunha curtametraxe na que poderá participar o conxunto do alumnado do centro, cun especial papel para a persoa autora do relato.

- 7. Sétima. – Xurado**
Os microrrelatos serán valorados por un xurado especializado, e a súa decisión será inapelable.
A valoración basearase en criterios de orixinalidade, calidade da redacción, calidade lingüística e aproximación á temática proposta nas bases primeira e terceira.
Os nomes das persoas premiadas daranse a coñecer unha vez rematado o prazo de participación.
- 8. Oitava. – Entrega dos premios**
Os premios serán entregados por persoa da Biblioteca e da Sección de Turismo da Deputación da Coruña nos centros educativos gañadores.
No caso de non poder facerse de xeito presencial faráselles chegar mediante paquetería ou medio similar.
- 9. Novena. – Dereitos e deberes**
A participación no concurso leva aparellada a autorización para publicar os microrrelatos, xunto co nome e apelidos das persoas participantes, nos diferentes medios impresos e dixitais que utiliza a Biblioteca, Turismo e a Deputación da Coruña; incluídas as redes sociais.
A Deputación resérvase o dereito a facer uso das obras, cedendo a autora ou autor
- os dereitos para que a Deputación poida empregalas para calquera campaña de sensibilización e información das actividades da Deputación da Coruña relacionadas co turismo, co patrimonio provincial e co fomento da lectura. Así mesmo, os relatos participantes serán compartidos de maneira pública na biblioteca dixital EbiblioDaCoruña.
Os traballos presentados ao concurso de xeito incompleto, ou que non se axusten ou incumplan as bases, así como aqueles de contido inadecuado, serán excluídos.
A participación no concurso implica a aceptación total destas bases, e tamén que as persoas participantes se fan responsables da autoría e contido dos relatos, que non vulnerarán os dereitos de honra, intimidade persoal / familiar e á propia imaxe de terceiros.
- 10. Décima. – Tratamento de datos persoais**
En cumprimento do disposto na Lei orgánica 3/2018 e na normativa europea, os datos das persoas participantes serán incorporados a un ficheiro responsabilidade da Deputación da Coruña en relación co art. 6.1. f) do RXPDP, e de acordo co disposto no artigo 22.1 da LSSI coa única finalidade de xestionar os premios desta promoción e de contactar coas persoas gañadoras.
En ningún momento se empregará esta información para posteriores promocións.
Os autores e autoras poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación mediante escrito ao correo electrónico delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal
A Deputación da Coruña comprométese a tratar en todo momento os seus datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades establecidas nas presentes bases.



IMAXE 4 DESEÑOS DE PUBLICACIÓN PARA REDES SOCIAIS



TÁBOA 2. Nº DE PARTICIPANTES TOTAL POR CONCELLOS

CONCELLO	Número de participacións
A Coruña	25
Oroso	22
Santiago De Compostela	20
Culleredo	15
Melide	11
Ferrol	10
Cerceda	9
Miño	8
Muros	8
Ames	6
Cee	5
Ribeira	5
Boiro	4
Cariño	3
Oleiros	3
Fisterra	2
Frades	2
Arzúa	1
Brión	1
Camariñas	1
Carnota	1
Carral	1
Curtis	1
Laxe	1
Narón	1
Total	166



TÁBOA 3. Nº DE PARTICIPANTES TOTAL POR CENTRO EDUCATIVO:

Centro educativo	Número de participacións	Centro educativo	Número de participacións
IES de Oroso	22	CIFP FESAN	1
CPR La Salle Santiago	11	CIFP Imaxe e Son	1
IES de Melide	11	CPI Plurilingüe Cabo da Area	1
CPI Plurilingüe O Cruce de Cerceda	9	CPR Colexio Divino Maestro Santiago de Compostela	1
CPR Plurilingüe Cristo Rey Ferrol	9	CPR Compañía de María	1
CPI Castro Baxoi	8	CPR Hijas de Cristo Rey.	1
CPR PLURILINGÜE ANDAINA	8	CPR Liceo La Paz	1
IES AS INSUAS	8	CPR Plurilingüe La Grande Obra de Atocha	1
CPR Manuela Rial Mouzo	5	CPR Santiago Apóstol	1
IES do Milladoiro	5	IES A Cachada	1
IES Rafael Puga Ramón	5	IES ADORMIDERAS (A CORUÑA)	1
CPR SEK Plurilingüe Eiris	4	IES Brión	1
IES REGO DE TRABE	4	IES CARRAL	1
IES Salvador de Madariaga	4	IES de Arzúa	1
CPR Colexio Galaxia	3	IES de Curtis	1
CPR Salesianos San Juan Bosco A Coruña	3	IES Lamas de Castelo	1
IES CABO ORTEGAL	3	IES Monte das Moas	1
IES EDUARDO BLANCO AMOR	3	IES Neira Vilas	1
IES PRAIA BARRAÑA	3	IES Pedra da Aguiá	1
CIFP COROSO	2	IES Sofia Casanova	1
CPI PONTE CARREIRA	2	IES Xosé Neira Vilas	1
CPR Obradoiro	2	IESP de Ames	1
IES Arcebispo Xelmirez 2	2	IESP Elviña	1
IES Eduardo Pondal	2	IESP Rafael Dieste	1
IES Fin do Camiño	2		
IES ROSALÍA DE CASTRO - Santiago de Compostela	2		
Total			166



TÁBOA 4. DISTRIBUCIÓN DA PARTICIPACIÓN POR CONCELLO E CURSO:

Concello e curso	Número de participacións
A Coruña	25
1º de ESO	6
2º de ESO	4
3º de ESO	4
4º de ESO	2
1º Bacharelato	6
2º Bacharelato	2
Ciclo Formativo de Grado Medio ou Superior	1
Ames	6
2º de ESO	5
4º de ESO	1
Arzúa	1
1º Bacharelato	1
Boiro	4
2º de ESO	1
4º de ESO	3
Brión	1
1º Bacharelato	1
Camariñas	1
4º de ESO	1
Cariño	3
1º de ESO	2
3º de ESO	1
Carnota	1
3º de ESO	1
Carral	1
3º de ESO	1
Cee	5
1º de ESO	2
3º de ESO	3
Cerceda	9
1º de ESO	9
Concello e curso	Número de participacións
Culleredo	15
1º de ESO	7
2º de ESO	3
3º de ESO	2
4º de ESO	3
Curtis	1
4º de ESO	1
Ferrol	10
2º de ESO	1



Concello e curso	Número de participacións
3º de ESO	9
Fisterra	2
1º de ESO	2
Frades	2
2º de ESO	2
Laxe	1
1º de ESO	1
Melide	11
3º de ESO	11
Miño	8
2º de ESO	6
3º de ESO	2
Muros	8
3º de ESO	8
Narón	1
3º de ESO	1
Oleiros	3
3º de ESO	2
2º Bacharelato	1
Oroso	22
1º de ESO	2
2º de ESO	12
3º de ESO	8

Concello e curso	Número de participacións
Ribeira	5
1º de ESO	3
Ciclo Formativo de Grado Medio ou Superior	2
Santiago de Compostela	20
1º de ESO	8
1º Bacharelato	11
Ciclo Formativo de Grado Medio ou Superior	1
Total	166



RESOLUCIÓN DO CONCURSO E FALLO DO XURADO

REUNIÓN DO XURADO

Reunido no Pazo Provincial ás 12:30 horas do día 7 de maio do 2025 o xurado do concurso convocado pola Deputación da Coruña.

RESUMO DA PARTICIPACIÓN

A secretaria informa que se presentaron 166 microrrelatos. Destes, 5 foron descartados por non cumprir coas bases do mesmo, 4 excedían as 500 palabras e 1 estaba escrito en castelán. Tamén se descartou a participación de 1 relato, a petición do centro que o enviou, porque resultou gañador doutro concurso, o que era incompatible coas bases. Así, foron 160 os relatos participantes no total das categorías.

As catro categorías nas que podían participar e o número de relatos que se recibiu por cada un foi:

- CATEGORÍA A: 1º e 2º da ESO – 75 relatos – 71 no concurso
- CATEGORÍA B: 3º e 4º da ESO – 65 relatos – 63 no concurso
- CATEGORÍA C: Bacharelato – 22 relatos no concurso
- CATEGORÍA D: Ciclos Formativos de Gº Medio e Superior – 4 relatos no concurso

Máis información sobre a participación: [Informe resumo da participación.pdf](#)

FALLO DO XURADO

Realízase una ronda de lectura e selecciónense os traballos finalistas, que segundo o criterio do xurado son os seguintes:

- CATEGORÍA A: Alumnado de primeiro e segundo da ESO
 - Microrrelato premiado: A tecedora de lá | Autor: Iñaki Echarte
 - Centro de ensinanza: CPR Salesianos San Juan Bosco, A Coruña
 - Accede ao contido aquí: [1Premio_CategoriaA.pdf](#)
- CATEGORÍA B: Alumnado de terceiro e cuarto da ESO
 - Microrrelato premiado: Praia de Doniños (**Gañador final**) | Autor: Iago Maseda Truyols
 - Centro de ensinanza: CPR Plurilingüe Cristo Rey, Ferrol
 - Accede ao contido aquí: [1Premio_CategoriaB_GañadorFinal.pdf](#)
- CATEGORÍA C: Alumnado de Bacharelato
 - Microrrelato premiado: O último croque | Autor: Sofía Cao Fontán
 - Centro de ensinanza: CPR La Salle, Santiago de Compostela
 - Accede ao contido aquí: [1Premio_CategoriaC.pdf](#)
- CATEGORÍA D: Alumnado de ciclos formativos de Grao Medio e Superior
 - Microrrelato premiado: No teu batel, abalar | Autor: María Tubío Boo
 - C.de ensinanza: FESAN, Centro Privado de F.P. FESAN, Santiago de Compostela.
 - Accede ao contido aquí: [1Premio_CategoriaD.pdf](#)

MOTIVACIÓN

O xurado elixiu as obras por axustarse ás bases e ao obxecto do concurso, destacando os seguintes aspectos de cada microrrelato:

A tecedora de lá: polo seu ton e estrutura semella unha fabula que encerra unha importante ensinanza: a importancia de valorar o propio. Ben sintetizada a trama desa loita desigual entre o poderoso e o débil e as súas consecuencias. Ritmo fluído e estilo coida.

Praia de Doniños: destaca pola súa capacidade de condensar espazo, personaxes, trama e conflito. Suxerinte e aberto a diferentes interpretacións. Evoca as lendas mariñeiras. Concisión léxica na que o non dito engade intensidade expresiva.

O último croque: destaca a imaxinación e o pulso narrativo para manter o misterio de principio a fin nesta viaxe no tempo. A voz narradora vai transmitindo moi ben a súas diferentes sensacións. Boa recreación da atmosfera cunha linguaxe precisa.

No teu batel, abalar: profundidade e orixinalidade coa que relata o drama do naufraxio mariñeiro a través dunha potente voz narrativa que combina con acerto o seu pensamento co que observa no exterior. Descricións precisas cun estilo lírico e sensorial. Mantén unha ambigüidade que invita a diferentes interpretacións.

ENTREGA DE PREMIOS

Outorgaranse dous premios por categoría e un premio final. Os **premios por categoría** serán:

Catro **bonos culturais** valorados en 100 euros cada un, para ás catro autores e autoras dos microrrelatos.

Catro **saídas culturais** para o conxunto da aula dos catro premiado

Segundo as bases, o xurado elixe entre os catro premiados un microrrelato gañador para o premio final consistente na adaptación do relato para a realización dunha curtametraxe.

O xurado selecciona para o premio final o microrrelato *Praia de Doniños* por ser a obra que mais se adapta as bases do concurso e que destaca pola creatividade e forza da mensaxe.

Por último, o xurado destaca a alta participación no concurso, con traballos de calidade e de temáticas moi suxerintes.



CATEGORÍA A: Alumnado de primeiro e segundo da ESO



#HoxeEscriboEn_Mocidade

Microrrelatos premiados

CATEGORÍA A: Alumnado de primeiro e segundo da ESO
 Microrrelato premiado: A tecedora de lá
 Autor: Iñaki Echarte
 Centro de ensino: CPR Salesianos San Juan Bosco, A Coruña

A tecedora de lá

Nun pequeno obradoiro do pobo de Vimianzo, había unha vella tecedora de lá. Todos os días levantábase cedo e tecía incansablemente ata que o sol se puxera. Aínda que a xente usara a súa roupa, o seu traballo estaba moi mal visto.

Un día o nobre que ali gobernaba díxolle que o seu obradoiro non era innovador e que polo tanto o pecharía. A vella tecedora tivo que migrar a un pobo máis ao norte e Vimianzo xa non dispoñía das súas roupas, en cambio o nobre importaba prendas de vestir do estranxeiro, no obstante, a diferenza das de lá, estas carecían de autenticidade e eran monótonas e aburridas, pero o peor estaba por chegar.


Como é lóxico, chegou o inverno e con el o frío, as teas estranxeiras non aportaban a calidez da lá e, por conseguinte, os habitantes do pobo empezaron a contraer enfermidades. Desesperado, o nobre suplicoulle á tecedora que volvese xa que era imprescindible para o pobo, pero a anciá negouse.

Dada a situación, os habitantes do pobo non tiveron outra que marchar ao pobo no que agora se asentaba a vella tecedora, en consecuencia, a poboación mermou drasticamente; ata que só quedou o nobre, o nobre e ese pobo, ese pobo que nalgún momento foi próspero pero que agora estaba desolado por mor da súa ignorancia.

de provincia da Coruña



CATEGORÍA B: Alumnado de terceiro e cuarto da ESO



#HoxeEscriboEn_Mocidade


Microrrelatos premiados

CATEGORÍA B: Alumnado de terceiro e cuarto da ESO
 Microrrelato premiado: Praia de Doniños
 Autor: Iago Maseda Truyols
 Centro de ensino: CPR Plurilingüe Cristo Rey, Ferrol

Praia de Doniños

Na praia de Doniños, un home espera por unha serea que di que viu pero que nunca existiu.

Concurso de microrrelatos para viaxar polos concellos da provincia da Coruña




CATEGORÍA C: Alumnado de Bacharelato

#HoxeEscriboEn_Mocidade

Microrrelatos premiados

CATEGORÍA C: Alumnado de Bacharelato
 Microrrelato premiado: O último croque
 Autor: Sofía Cao Fontán
 Centro de ensino: CPR La Salle, Santiago de Compostela

O último croque

Na noite máis pecha do inverno, Santiago de Compostela durmía envolta nunha néboa espesa. A brétema cubría as rúas de pedra e a catedral semellaba flotar no aire. Eu deambulaba sen rumbo pola Quintana, afastándome das luces e dos turistas. Sentía que algo me chamaba, algo antigo e poderoso. Sen saber moi ben como, atopeime na entrada do Pórtico da Gloria, diante da figura do Mestre Mateo, o famoso Santo dos Croques.

Sempre oíra dicir que, se lle dabas un croque na cabeza de pedra, gañarías sabedoría. Algúns compañeiros de clase fixéranos antes dos exames, máis por broma que por fe. Pero aquela noite, algo no ar cheiraba a verdade.

Acerqueime á figura, que escintillaba humidamente baixo a lúa. Pasei a man pola pedra fría e rugosa. De súpeto, a cidade enteira pareceu calar: non había vento, nin campás, nin pasos... Era coma se Santiago contivese o alento.

Inclinei á cabeza e díñlle un golpe lixeiro, o aire pareceu esnaquizarse. Vin, nun instante, milleiros de imaxes: procesións que avanzaban baixo a choiva, escultores traballando ata sangrar polas mans, esculturas que abrían os ollos, sombras reptando polas columnas.

—Sabedoría non é só coñecemento—murmurou unha voz rouca que parecía saír da pedra mesma—. É saber ver o que os demais temen mirar.

Non fun quen de contestar, un calafío percorreume a columna.

Deputación DA CORUÑA | **Biblioteca Deputación** | **IBCO** | **BIBLIOTECA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA** —ANIVERSARIO 1845-2025

#HoxeEscriboEn_Mocidade

Microrrelatos premiados

CATEGORÍA C: Alumnado de Bacharelato
 Microrrelato premiado: O último croque
 Autor: Sofía Cao Fontán
 Centro de ensino: CPR La Salle, Santiago de Compostela

O último croque (continuación)

Afasteme, dando un paso atrás, e entón vin unha figura na parte alta da escalinata. Non se movía, pero sentía os seus ollos cravados en min, atentos, pacientes. Sentín coma se o Mestre Mateo estivese agardándome, para ser a súa aprendiz.

Quedamos ali, naquel instante eterno, enfrontándonos sen palabras, como se eu tivese que tomar unha decisión que marcaría a miña vida. Parte de min quería correr, escapar á calor dalgún bar aberto, esquecer aquilo como un soño mal durmido. Pero outra parte, no fondo, sentía unha atracción inevitable.

Dei un paso adiante. A figura semellou asenir levemente, e comencei a seguila. Non sei como, pero a cidade enteira cambiara. As rúas xa non eran as mesmas, eran máis estreitas e silenciosas, as pedras parecían máis vellas. A Compostela que coñecía desaparecera, substituída por outra máis escura, coma doutro tempo.

A figura guioume polas corredoiras secretas da vella cidade, por lugares que non atoparía nunca nun mapa. De vez en cando, miraba cara atrás, e o seu rostro estaba sempre oculto na sombra.

Non lembro como nin cando o perdín de vista. Fun quedando só entre rúas torcidas e sombras que semellaban susurrarme cousas que preferiría non entender.

Unha vez na casa, a cidade ao outro lado da flestra semellaba... diferente. Non estou segura de que todo iso fora real, ou de que algunha vez poida volver ser a mesma. Só sei que dende aquela noite, cada vez que paseo polas rúas molladas de Santiago, sinto pasos ao meu carón, e, ás veces, entre o rumor da brétema, xurria que alguén murmura o meu nome en voz baixa dende a pedra.

Deputación DA CORUÑA | **Biblioteca Deputación** | **IBCO** | **BIBLIOTECA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA** —ANIVERSARIO 1845-2025

CATEGORÍA D: Alumnado de ciclos formativos de Grao Medio e Superior

#HoxeEscriboEn_Mocidade

Microrrelatos premiados

CATEGORÍA C: Alumnado de Formación Profesional e Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior
 Microrrelato premiado: No teu batel, abalar
 Autor: María Tubío Boo
 Centro de ensino: FESAN, Centro Privado de Formación Profesional FESAN, Santiago de Compostela.

No teu batel, abalar (continuación)

Decenas de pequenas embarcacións protexen aquel lugar, e centos de candeas iluminan cada día o seu eterno navegar.

Eu estou sentado no escalón, ca mirada fixa na pedra. No momento que a coloco xunto a unha fotografía dun home sorrindo, dirixo a miña man hacia ela. A pedra móvese un par de centímetros, e por un instante as nosas miradas coinciden. A fotografía vai parar ao chan e a nena cae cara atrás.

—Mamá, ese home moveu a pedra!
 O dedo de Mariel sinalaba a fotografía, descansando sobre o frío mármore. A nai levántase quedamente, sin falar nin escoitar, collendo a súa pequena da man. Así, xuntas abandonan aquel solitario lugar.

Véxoas marchar cos meus pés apoiados no mar e susurro no vento o meu eterno cantar. Pequenas luces brancas asoman conmigo sobre as ondas.

Hoxe sinto feliz de saber que aquel home non morrerá no mar.

Deputación DA CORUÑA | **Biblioteca Deputación** | **IBCO** | **BIBLIOTECA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA** —ANIVERSARIO 1845-2025

#HoxeEscriboEn_Mocidade

Microrrelatos premiados

CATEGORÍA C: Alumnado de Formación Profesional e Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior
 Microrrelato premiado: No teu batel, abalar
 Autor: María Tubío Boo
 Centro de ensino: FESAN, Centro Privado de Formación Profesional FESAN, Santiago de Compostela.

No teu batel, abalar

"Virxe da Barca bendita, levame no teu batel, que o mundo é mar de tristura, e tres portos de ben"

Recordo a espuma e o vento baticando ao lonxe; recordo as ondas do mar e os meus pés descalzos pisando o chan que un día chamei fogar. Estando ali de pé, o perfume de mamá transportame a unha vida máis sinxela, a unha vida dun rapaz que vive de bicos e de contos. Cando as cores laranxas inundan a virxe, os meus dedos poden sentir de novo aquelas pedras baixo terra, as gaibotas voando no ceo e as estrelas asomando para guiar aos pesqueiros mar adentro. Non podo sentir frío, nin medo nin fatiga, e a luz da lúa ilumina agora a silueta do santuario.

—Mariel, non corras tanto!— a voz dunha muller devótome lentamente do letargo. Diante da porta, unha rapaza corre inqueda hacia o altar.

—Axiña, axiña! Vainos pechar a Igrexa!
 Polo buraco dunha flestra, podo ver como colle do seu peto unha pedra do tamaño dunha castaña. Moi queda e sen que ninguén a escoite, acaríciase cos seus beizos a súa superficie, e cas súas palabras, a miña alma...

—Quero que papá volva á casa, que leva xa demasiados meses no mar...
 A nai, sentada na primeira fila de bancos, ten a vista posta na imaxe da virxe cos ollos cansados de chorar.

Deputación DA CORUÑA | **Biblioteca Deputación** | **IBCO** | **BIBLIOTECA PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA** —ANIVERSARIO 1845-2025



IMAXE 5 BORRADOR GUIÓN MICRORRELATO

Proposta de guión literario
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Deputación
DA CORUÑA

Sección de Turismo e
Biblioteca Provincial

#HoxeEscriboEn Mocidade

TÍTULO DO MICRORRELATO:
PRAIA DE DONIÑOS

PÁX. | 1


Proposta de guión literario
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Deputación
DA CORUÑA

Sección de Turismo e
Biblioteca Provincial

ESCENA 1 – EXTERIOR – BEIRA DO MAR


Unha muller achégase amodo á beira do mar. O vento xoga co seu vestido. O seu paso é lento.
Recursos paisaxísticos con e sen ela amosando as cartelas iniciais.
[CARTELA: Onde se amosa o feito de ser adaptación d'un microrrelato, autor e demais. ...]



VOZEN OFF (ela)

*Si... un magnetismo fondo me arrastra... E volvo.
Volvo cara a ti cando afogan os ruidos... Amósate!... aquí me tes, mollando os pés nas túas augas...*

[Non sabemos a que se refire, o mesmo fala co mar... A muller defenese onde as ondas apenas acarritan a area. Pecha os ollos. Recursos paisaxísticos]



PÁX. | 2


Proposta de guión literario
DEPUTACIÓN DE CORUÑA

Sección de Turismo e Biblioteca Provincial

Deputación DA CORUÑA

Sección de Turismo e Biblioteca Provincial

Vemos a man da muller rematando de debuxar a cola dunha serea... e o mar chega, e bórralla.




VOZ EN OFF (continúa ela)
Pero a túa imaxe esvaece.
O recordo lúxe por ser imposible.
Eu sei ben o que viñ... ¡víníe!

FUNDIDO A FLASHBACK

ESCENA 2 – EXTERIOR – PRAIA – TARDE DE VERÁN (FLASHBACK)

Unha nena xoga na areia mollada, concentrada, feliz. Ao seu carón, un tímán le un libro mentres está deitado sobre unha toalla. A nena bota unha ollada á portada: aparece unha serea debuxada con cores vivas. Segue a xogar... pero de esguello... algo no mar chama a súa atención.
Unha forma.
Un brillo.
Unha ilusión. (Non sabemos o que é.)



PAX | 3

Proposta de guión literario
DEPUTACIÓN DE CORUÑA

Sección de Turismo e Biblioteca Provincial


Deputación DA CORUÑA

Sección de Turismo e Biblioteca Provincial

FUNDIDO DE VOLTA AO PRESENTE

ESCENA 3 – EXTERIOR – BEIRA – SOLPOR

A muller fica quieta, ollando o horizonte. Recursos paisaxísticos.



VOZ EN OFF (último bloque)
Déixame ficar coa lembranza...
e voltarei por sempre a túa beira.
Amósate! ...aquí me tes, o teu magnetismo aínda me arrastra...

[Non ve nada. Da un paso atrás, suspira e xírase amodiffo].

PLANO XERAL – MAR EN CALMA

Mentres ela se afasta da beira, de costas, algo se move entre as ondas, case imperceptible.
(A serea amosa a cola...)


A muller déitense.
Mira outra vez, como por última vez ao mar... Na súa expresión comprendemos que está vendo a serea.
E sorrí docemente...

PAX | 4

Proposta de guión literario
DEPUTACIÓN DA CORUÑA



Sección de Turismo e
Bibliotecas Provinciais



Como complemento ao flashback, vemos como asoman o cabelo e os ombros da sereia, mentres a protagonista, de pequena, a contempla...



Precisamos dunha muller ou moza para facer de sereia. Rodado cun top sen tiras, que deixa os ombros totalmente descubertos).

FUNDIDO A NEGRO

Cartela co texto do microrrelato e autor.
Títulos de crédito.
Logotipos.